

A Sección de teatro do Instituto de Estudos Miñoráns, en unión dos grupos de teatro afeccionado que nela se integran como colaboradores, desexa achegar o seu esforzo para a mellora e consolidación da actividade teatral no Val Miñor tratando de promocionar tanto a representación de obras como a creación dramática; para iso, á parte das diferentes actividades que vén organizando cada ano, convoca o **III Certame escolar de creación dramática**, que se rexerá polas seguintes bases:

- 1**
Poderá concorrer todo o estudiantado de 3º Ciclo de Educación Primaria, ESO e Bachelerato que non supere os 20 anos.
- 2**
Os participantes farano a título individual e poderán presentar un único traballo. De decidiren crear unha obra en grupo, deberá ser presentada co nome do seu representante que será o beneficiario do premio e o responsable ante os seus compañeiros de compartilo.
- 3**
As obras deben ser orixinais e inéditas e estaren escritas en galego de acordo coa normativa aprobada pola Real Academia Galega en 2003. Deberán ter o formato propio dunha obra teatral, é dicir, presentarse en forma de diálogo. Valorarase, ademáis da orixinalidade e o argumento, a calidade da lingua utilizada; tamén se valorará a utilidade dos comentarios que acompañen ao texto (vestiario dos personaxes, entradas e saídas, decorado, e calquera outra indicación en beneficio dunha mellor representatividade da obra).
- 4**
Os traballos presentaranse, preferentemente, mecanografados por unha soa cara. Tamén se poden presentar en CD ou outro soporte informático. Non levarán sinatura ou, en todo caso, esta será un pseudónimo. En folio á parte darase a coñecer (citando o título da obra) o nome do autor así como a súa idade, curso e colexio ou instituto no que está matriculado.

5
Se os traballos se envían conxuntamente dende un centro escolar, os folios individuais de datos poden ser substituídos por un só documento no que se relacionen todos os participantes e a información que corresponde a cada un.

6
As obras enviaranse, facendo constar no sobre **III Certame escolar de creación dramática**, antes do día 31 de Xaneiro do 2020, ao seguinte enderezo:

Instituto de Estudos Miñoráns
Aptdo. 30
36380 Gondomar (Pontevedra)

7
O premio, único para cada nivel, consta de tres partes: un lote de libros, a publicación da obra no web do IEM e a súa representación, por parte dalgún dos grupos integrados na sección de teatro, en, polo menos, un escenario do Val Miñor. Os niveis establécense da seguinte maneira:

Nivel 1
Terceiro ciclo de educación primaria.
Nivel 2
Primeiro, segundo e terceiro da ESO.
Nivel 3
Cuarto da ESO e Bachelerato.

Ademais, o xurado poderá entregar os accésit que considere oportunos, declarar deserto algún deles ou repartilo *ex aequo* entre dous autores.

8
Os premios faranse públicos antes do 31 de Marzo de 2020 e as obras premiadas representaranse antes de que remate o ano.

9
O xurado estará formado por persoas ligadas ao IEM ou colaboradoras con coñecementos suficientes sobre a actividade de teatro afeccionado. Tamén poderá facer mencións honoríficas sobre algúns traballos non premiados.

10
O alumnado que resulte premiado renuncia aos seus dereitos de autor para a estrea da obra e para a publicación no web do IEM.

11
A interpretación destas bases correspóndelle unicamente ao xurado. O feito de participar no certame supón a súa aceptación.